

RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 4 DE SETEMBRO DE 2023

1. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00036630H.**

Aprobación das actas das sesións anteriores.

Apróbanse as actas da sesión ordinaria de 28/08/23 e extraordinaria urxente do 30/08/2023.

2. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00019487X.**

Aprobación do expediente de contratación *Servizo de dinamización do Espazo Apego*, cun orzamento base de licitación de 223.686,55 €.

Acórdase:

Primeiro: Aprobar o expediente denominado *Servizo de dinamización do Espazo Apego*, cun orzamento base de licitación de 223.686,55 € (base imponible de 184.864,92 € e IVE do 21% de 38.821,63 €).

Segundo: Abrir o procedemento aberto de adxudicación.

Terceiro: Aprobar o gasto correspondente por importe de e 223.686,55 €, que se imputará á aplicación orzamentaria 080 33402 2269900, coa seguinte desagregación por anualidades:

ANUALIDADE	IMPORTE
2023	24.854,06 €
2024	74.562,18 €
2025	74.562,18 €
2026	49.708,55 €
TOTAL	223.686,55 €

O gasto das anualidades futuras queda subordinado ao crédito que para cada exercicio se consigne no orzamento, ao abeiro do establecido no artigo 174 do Texto refundido da Lei reguladora de facendas locais aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004 do 5 de maio, e no artigo 79 e seguintes do Decreto 500/90.

3. CONTRATACIÓN. Referencia: **2023/00008490P.**

Subsanación de erro no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 26 de maio de 2023, relativo a adxudicación do contrato de “Obras de reurbanización da Praza de León”

Procédese á subsanación do erro advertido na proposta da concellaría delegada de Mobilidade, Seguridade Cidadá, Obras e Relacións Veciñais, de data 22/05/2023, así como no acordo da Xunta de Goberno da cidade de Santiago de Compostela do 26 de maio de 2023, relativo á adxudicación do contrato de “Obras de reurbanización da Praza de León” á empresa ÁREA PROYECCIÓN CONSTRUCCIÓN Y SERVICIO SLU, con NIF B70533757, de xeito que

Onde di:

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 187.550,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 (Código de proxecto 2022 2 EDUSI 2 1), na que existe

crédito adecuado e suficiente.

Debe dicir:

Segundo: Comprometer un gasto por importe de 187.550,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 030 15321 6190000 (Código de proxecto 2022 2 EDUSI 2 1), na que existe crédito adecuado e suficiente.

Esta actuación forma parte da Estratexia de Desenvolvemento Urbano Sostible Integrado do Concello de Santiago (EDUSI Santiago) cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) no marco do Programa Operativo Plurirrexional de España 2014-2020 nun 80% sendo o 20% restante con cargo a dotación económica municipal.

4. CONTRATACIÓN. Referencia: **2022/00042792C.**

Autorización recepción das Obras de pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Vilvestro) e San Xordo e A Sionlla (Sabugueria).

Autorízase o inicio de trámites para proceder á recepción das “Obras de pavimentación viarios interiores en Carlexo e A Braña de Silvouta (Vilvestro), e San Xordo e A Sionlla (Sabugueira). Plan provincial de cooperación as obras e servizos de competencia municipal POS+ Adicional 2/2021 1ª fase Deputación Provincial da Coruña”, e noméase representante da administración ao técnico municipal e responsable das obras de referencia, que unha vez autorizada dita recepción, deberá comunicar á Intervención Municipal, lugar e hora para concorrer ao acto.

5. OBRAS E PROXECTOS. Referencia: **2023/00036032H.**

Operación: XOB2023_041. “Rehabilitación de firmes de vías urbanas. 2023”

Asunto: Proposta de aprobación do proxecto de “Rehabilitación de firmes de vías urbanas. 2023”

Apróbase o proxecto de “Rehabilitación de firmes de vías urbanas. 2023” asinado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D.Gilberto Rogríguez Rodríguez coas seguintes condicións:

- ORZAMENTO

O.E.M. (Orzamento de Execución Material)	249.000,00 €
O.B.L. (Orzamento Base de Licitación, sen I.V.E.)	296.310,00€ (O.E.M. + 13% G.G. + 6% B.I.)
O.B.L. + I.V.E.	358.535,10 € (O.E.C. + 21% I.V.E.)

- PRAZO DE EXECUCIÓN

O prazo de execución previsto é de CATRO (4) MESES

As actuacións levaranse a cabo sobre unha superficie aproximada de 17.780 m2 dos viarios seguintes:

- Rúa da Presa
- Rúa de Pilar Miró
- Rúa de Campo de Santa Isabel
- Rúa de Vite de Abaixo
- Avenida das Burgas



- Rúa de San Caetano
- Rúa do Tambre
- Rúa da Casa da Hedra e Travesa da Casa das Hedra

Trátase, polo tanto, de actuacións en varias zonas do ámbito urbano do Concello de Santiago que en todo caso se efectuarán sobre viarios de titularidade municipal.

As actuacións a realizar consisten fundamentalmente en:

- Fresado de ata 5 cm de parte da capa bituminosa existente, para regularización do firme.
- Saneamento de zonas deterioradas
- Aplicación de 5 cm de mestura bituminosa en quente

6. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00031521S.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) de data 29/08/2023

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e Cáritas Diocesana de Santiago de Compostela (Programa Vagalume) con CIF: R-1500053B de data 29/08/2023 para o financiamento do Programa “Acompañamento a Mulleres en contextos de prostitución” pola contía de TRINTA MIL EUROS (30.000,00 €).

7. IGUALDADE-MULLER. Referencia: 2023/00030871D.

Tomar coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P de data 30/08/2023

Tómase coñecemento da sinatura do Convenio entre o Concello de Santiago de Compostela e a Fundación Universidade de Santiago de Compostela M.P con CIF: G70123971 de data 30/08/2023 para o financiamento do Programa “Actividades de ocio e tempo libre Verán CampUSC 2023” pola contía de NOVE MIL EUROS (9.000,00 €).

8. ÁREA XI. MODERNIZACIÓN, INNOVACIÓN E CALIDADE DA ADMINISTRACIÓN LOCAL. Referencia: 2023/00036166Z.

Convalidación omisión función interventora e recoñecemento de débeda das facturas emitidas por varias empresas en concepto de varios servizos de copiadoras en diversas instalacións municipais correspondente ao período entre decembro de 2022 exuño de 2023.

Acórdase:

Primeiro.- Validar a omisión da función interventora en relación con este expediente.

Segundo.- Autorizar, dispoñer e recoñecer a obriga e liquidación dos gastos por importe de CATRO MIL OITOCENTOS DOUS EUROS CON TRES CÉNTIMOS (4.802,03 €) que comeza pola factura número F/2023/1344 por importe de 343,89 euros, e remata pola número F/2023/3785 por importe de 90,81 euros, todas elas en concepto de servizos de copiadoras en diversas instalacións municipais correspondente ao período entre decembro de 2022 e xuño de 2023

Terceiro.- Dispoñer a continuidade das prestacións, para evitar graves prexuízos ao servizo.



9. ASISTENCIA AO PLENO. Referencia: **2023/00036630H.**

Relación de Decretos do 25/08/23 a 31/08/2023.

Tómase coñecemento das relacións da Alcaldía e Concellerías delegadas ditadas do 25/08/23 a 31/08/2023.